



FEDERACION COLOMBOFILA GALEGA

Plaza de León, nº 1-1º D

15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA

Tfno.: 605.115.366

E.Mail: Secretariafcgalega@gmail.com

Webb: www.fcgalega.com



VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES



REGULAMENTO DEPORTIVO

(EDICIÓN REVISADA 2026)



FEDERACION COLOMBOFILA GALEGA

Plaza de León, nº 1-1º D

15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA

Tfno.: 605.115.366

E.Mail: Secretariafcgalega@gmail.com

Webb: www.fcgalega.com



VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES



Artigo 1º.- A Federación Colombófila Galega (FCG en diante), por medio da súa Asemblea Xeral acorda aprobar o presente Regulamento Deportivo para esta campaña deportiva 2025, de obrigado cumprimento por todos os seus afiliados, e que será de aplicación en tódolos concursos que organice.

Artigo 2º.- Para participar nos concursos organizados pola FCG ou calquera outra federación é condición estar en posesión da licenza Única Deportiva de colombófilo expedida pola FCG, ter presentado o censo anual de pombas nos tempos que se determinen.

Todos os pombais de socios desta Federación que exerzan a súa actividade dentro da nosa Comunidade Autónoma ou en outras Comunidades, será condición indispensable de ter o pombal dado de alta no rexistro de explotacións avícolas (explotacións de colombofilia) dá xunta de Galicia ou en trámites para ou seu rexistro.

Artigo 3º.- Para participar nos concursos organizados pola FCG, esta deberá dar o visto e praxe ás pombas concorrentes con anel de niño doutras federacións, en canto a que todas esas pombas teñan acreditada a súa titularidade mediante a presentación do correspondente título de propiedade xunto co censo anual.

Artigo 4º.- Non poderán encestarse pombas que non estean rexistradas polo propietario no seu propio censo anual ou no complementario de pichóns.

Nos concursos organizados pola Federación non se poderán encestar pombas para participar “fora de control”, é decir, todas as pombas que participen en cada un dos concursos deberán estar rexistradas no correspondente CN1 de eneste. O incumprimento deste artigo será motivo de descualificación do colombófilo infractor.

Artigo 5º.- Coincidindo coa presentación dos censos, cada club comunicará á FCG a composición da súa Comisión de Concursos, que estarán compostas por un mínimo de 5 membros.

Artigo 6º.- Para tomar parte nos concursos ou exposicións será necesario que o Presidente da Comisión Deportiva do club envíe á FCG un escrito certificando que as pombas censadas polos socios do seu club están vacinadas contra as enfermidades e coas vacinas que acorde a Asemblea da Federación. Por unha cuestión de loxística, colaboración e garantía do mantemento da cadea de frío, a FCG facilitará as vacinas necesarias a todos os clubs a través de un provedor profesional e cualificado.

Artigo 7º.- O incumprimento do artigo anterior será motivo de descualificación do club infractor.

Artigo 8º.- Asemade, para tomar parte nos concursos tamén será condición para os clubs a presentación de pombas á Exposición Galega da Pomba Mensaxeira, de tal maneira que o club que non cumpra con esta esixencia non poderá concursar nos campionatos deportivos da FCG.



FEDERACION COLOMBOFILA GALEGA

Plaza de León, nº 1-1º D

15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA

Tfno.: 605.115.366

E.Mail: Secretariafcgalega@gmail.com

Webb: www.fcgalega.com



VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES



Artigo 9º.- As pombas que resulten clasificadas nas exposicións anuais da FCG quedarán a disposición desta para representar a Galicia na exposición anual da Real Federación Colombófila Española.

Artigo 10º.- As comisións deportivas dos clubs garantirán que non se encesten pombas con síntomas evidentes de enfermidade.

Artigo 11º.- Para poñer en marcha a loxística de transporte nos concursos, cada club deberá comunicarlle á FCG, no prazo de tempo que a Comisión Deportiva ditamine e mediante correo electrónico dirixido á Comisión Deportiva desta Federación (fcolombofilagalega@gmail.com) o número de pombas que pensa encestar en cada unha das soltas de cada fase. No caso de que non o faga, entenderase que non se enviará pomba ningunha.

1. A comisión deportiva comunicará, antes de que inicie a campaña, a dinámica do operativo de encestes e transporte. En canto sexa posible comunicaranse ós clubs os custes aproximados de cada fase.
2. As comunicacións á Federación realizaranse mediante as vías que determine a FCG en cada caso, avisando coa suficiente antelación.
3. A FCG a través da súa Comisión Deportiva garantizará en todo momento que o transporte utilizado en cada un dos concursos do calendario deportivo sexa o máis axeitado posible para o benestar das pombas.

Artigo 12º.- Na primeira solta de cada fase, cando a demanda para encestar pombas non chegue ao mínimo acordado na Asemblea Xeral para poder contratar un transporte extra respecto á proposta básica da Comisión Deportiva da FCG (50% de ocupación), esta, seguindo as indicacións da Asemblea, limitará as posibilidades de embarque e redistribuirá a capacidade resultante entre os clubs de xeito equitativo. Asemade, a comisión queda tamén capacitada para tomar as decisións que considere oportunas de cara a unha mellor ordenación da loxística de transporte.

Artigo 13º.- O número mínimo de participantes nun enceste está fixado en 3 concursantes. Cando nun club concorran menos de 3 concursantes nun enceste, deberanse de asociar obrigatoriamente con outro club para poder levar a cabo o enceste. A Comisión Deportiva poderá permitir algunha excepción en un caso puntual cando non se acade o mínimo dos 3 participantes esixidos, levando a cabo controis especiais de documentación e pombas participantes en calquera destes casos. Cando dous ou mais clubs non consigan por separado eses 3 participantes necesarios, deberanse de poñer de acordo e encestar no club mais antigo dos que encesten xuntos. Igualmente ocorrerá para a apertura de reloxo.

Artigo 14º.- Para os encestes, a hora oficial para a posta en marcha dos reloxo matrices dos clubs deberá ser recollida da páxina web da FCG(www.fcgalega.com).



A Comisión Deportiva da FCG queda habilitada para poder testar persoalmente mediante un delegado, ou facer unha mostraxe telefonica aos columbófilos da adecuación dos seus reloxo á citada hora.

Artigo 15º.- Segundo as características da solta de que se trate, o número de pombas por cesta estándar das que se veñen utilizando, debe de estar entre os seguintes límites:

1. Entre 25 e 30 pombas como máximo nos concursos con solta no día do encesto, de darse o caso.
2. Entre 20 e 25 pombas nos que as pombas pasen 1 noite nas cestas:
3. Entre 15 e 20 pombas cando pasen dúas noites nas cestas,
4. Entre 10 e 15 pombas cando estean mais de 2 noites nas cestas.

A Comisión Deportiva da FCG axustarase o mais posible ós límites máximos ou mínimos de pombas por cesta para optimizar os recursos de transporte, sen comprometer a comodidade das pombas.

Artigo 16º.- Unha vez completadas as cestas, serán precintadas (exclusivamente) cos precintos que suministra a RFCE e vixiadas pola comisión deportiva de cada club ata a súa entrega á FCG para o transporte.

Artigo 17º.- Co fin de non desbaratar o cronograma do viaxe nas distintas soltas, o tempo máximo de espera dos transportes para comezar cos labores de carga das cestas será de 10 minutos. Pasado ese tempo, e se o club non inicia co traballo de carga, o camión partirá cara a seguinte parada.

Artigo 18º.- Os clubs teñen a obriga de colaborar co transportista nos traballos de carga e descarga das súas cestas ao camión.

Artigo 19º.- Por medio do delegado que designe a tal efecto, a FCG poderá facer acto de presenza no momento do encesto ou en calquera momento do transcurso da solta, para proceder a unha verificación, reanelamento, ou calquera actuación que estime oportuna.

Artigo 20º.- Nos casos nos que se valore a imposibilidade de soltar por motivos climatolóxicos ou algún outro imprevisto de forza maior, a FCG, por medio da súa Comisión Deportiva, poderá adiantar ou atrasar os días que estime oportuno a data de encesto e solta ou, incluso, anular a solta previamente ao encesto. Con carácter de excepcionalidade e sempre que a anulación derive nunha situación de atranco extremo para o correcto desenvolvemento da temporada deportiva, a Comisión Deportiva, co visto e prace do Presidente da FCG, queda lexitimada para retrasar unha semana todo o calendario deportivo.

Artigo 21º.- Unha vez coas pombas en destino ou si con anterioridade á data de encesto da solta si se estimasen dificultades climatolóxicas graves ou algún outro imprevisto de forza maior nese punto ou na ruta previsible, a Comisión Deportiva da FCG co coñecemento e visto e prace do Presidente federativo e a Comisión Delegada poderá anular a solta ou manobrar para que, dentro das posibilidades



FEDERACION COLOMBOFILA GALEGA

Plaza de León, nº 1-1º D

15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA

Tfno.: 605.115.366

E.Mail: Secretariafcgalega@gmail.com

Webb: www.fcgalega.com



VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES



da expedición, acádense as condicións máis axeitadas para ceibar, podendo variar para isto tanto o punto de solta coma o día de solta. Nos casos nos que isto suceda, a solta será válida para os campionatos galegos aos que orixinariamente optaba.

Se por calquera imprevisto que xurdira no punto de solta e se tivera que retrasar á hora de solta, establececese como hora límite de solta ás 12 horas do día da solta, non podendo soltar as pombas despois desta hora.

Artigo 22º.- Cando os concursos xa estean en marcha e se manteña a incertidume das condicións climatolóxicas, os responsables que os clubs propoñan para este fin poderán manifestarlle ao Delegado de Solta a intención de non ceibar as súas pombas co seguinte horario:

1. Antes das 7,00 horas do día da solta nos concursos de Velocidade e Medio Fondo.
2. Antes das 6,00 horas do día da solta nos concursos de Media Distancia, Fondo e Gran Fondo.
3. Cando a Comisión Deportiva da Federación decida suspendela, non se poderá revocar a súa orde por parte de ningún club, é dicir, a solta suspéndese para todos.
4. O delegado federativo de soltas terá en exclusiva a responsabilidade de anular ou mandar ceibar as pombas, situación que vale tanto para adestramentos como para o resto de soltas do campionato.

Artigo 23º.- Os datos sobre as soltas (coordenadas, horarios...) poderanse recoller na páxina web da FCG (www.fcgalega.com).

Artigo 24º.- Co fin de evitar a problemática xurdida na provincia de Lugo cos clubs S.C.Lucense, Aires de Lemos e socios do club Terracha en canto á comprobación de pombas, establecerase un campionato por “rayones” dividindo esta provincia en Zona Norte e Zona Sur, baixo a seguinte normativa:

- Este cambio só aplicárase nas soltas de Medio Fondo, o resto dos campionatos nos que participen aplicárase a normativa vixente.
- Antes de empezar a campaña deportiva, deberán comunicar os pombais que entrarían nesta normativa, que só será para a campaña deportiva 2026.
- Os pombais afectados polo rayón da zona sur, non entrarían en ningún campionato que afecte ás soltas de Medio Fondo.
- Obrigatoriedade de confeccionar o CN1 de encesta de cada unha das soltas nas que participen.



- As pombas da provincia de Lugo, tanto a zona norte como a zona sur, soltarán de últimos.

Artigo 25º.- As soltas dos campionatos faranse da seguinte maneira:

- a).- Nas soltas do concurso de Gran Fondo todo o bando de Galicia será soltado conxuntamente.
- b).- Nas soltas do concurso de Fondo todo o bando de Galicia será soltado conxuntamente.
- c).- As dúas primeiras soltas de Media Distancia faranse en tres bandos por provincias, cunha diferenza mínima de 30 minutos entre eles, alternando as soltas por provincias. A última solta desta fase todo o bando de Galicia será soltado conxuntamente (coincidindo coa última solta de Fondo)
- d).- As soltas do concurso de Medio Fondo faranse en tres bandos por provincias, cunha diferenza mínima de 30 minutos entre eles, **sendo a provincia de Lugo (tanto zona norte como zona sur) en soltar sempre de último.**

As pombas da provincia de Ourense soltaranse sempre de últimas.

Artigo 26º.- Co fin de evitar erros á hora de ceibar, o frontal das cestas dos distintos bandos terán que ir perfectamente identificadas coas sinais que no seu momento ordene a comisión deportiva de FCG.

Artigo 27º.- Para clasificarse nunha carreira, as pombas deben de percorrer polos seus propios medios a distancia entre o punto de solta e o seu pombal, quedando descalificada toda aquela pomba da que se teña constancia de ter sido rescatada polo seu dono e incluída posteriormente na clasificación xeral.

Artigo 28º.- De cara a clasificación das pombas nas carreiras en función do concurso de que trate, establécense os seguintes prazos para cerrar os días de control:

- Velocidade: 30 minutos despois do solpor do día da solta.
- Medio Fondo: 30 minutos despois do solpor do día da solta.
- Media Distancia: 30 minutos despois do solpor do día da solta en distancias máximas de 450 km., e 30 minutos despois do solpor do seguinte día en soltas superiores a 450 Km.
- Fondo: 30 minutos despois do solpor do día seguinte á solta.
- Gran Fondo: 30 minutos despois do solpor do cuarto día da solta.
- Pichóns: 30 minutos despois do solpor do día da solta.



FEDERACION COLOMBOFILA GALEGA

Plaza de León, nº 1-1º D

15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA

Tfno.: 605.115.366

E.Mail: Secretariafcgalega@gmail.com

Webb: www.fcgalega.com



VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES



Artigo 29º.- Nos días de concurso, a Comisión Deportiva da Federación Galega poderá solicitarlle aos distintos clubs, -non mais tarde das 14 horas-, que lles sexan remitidos ao final da xornada os datos referentes ás pombas controladas polos seus socios.

Artigo 30º.- Entrada da documentación de encestes:

1. Cando se trate dos campionatos autonómicos, os clubs entregarán ao transportista, cando a recollida das cestas para un concurso, a documentación seguinte:

a).-Impreso resumen das pombas encestadas por cada socio.

O resto da documentación tanto dos encestes como da comprobación das pombas permanecerán en custodia (aquivo) en cada club para posibles verificacións de reclamacións.

Non será necesario enviar (ao responsable das clasificacións) o ficheiro dos encestes, soamente enviarase o ficheiro dos datos de comprobación dos concursos.

2. Cando se trate dos Campionatos de España, Tanto os encestes como as comprobacións das carreiras de carácter nacional efectuaranse seguindo a normativa da RFCE segundo o Artigo 34 apartado 2 do Regulamento Deportivo da RFCE:

“Para participar en todas las carreras y campeonatos nacionales será obligatorio encestar con el programa de encestes y concursos de la R.F.C.E., siendo el único admitido para procesar también los datos de llegadas de las palomas y emitir posteriormente las clasificaciones.

Excepción para la temporada 2.026: con el fin de facilitar la puesta en marcha del nuevo programa de concursos de la R.F.C.E., y en caso de existir problemas técnicos que impidan el encestes, se permite poder hacerlo con la misma aplicación de encestes y envío de documentos establecido para la temporada 2.025”.

1. Os clubs enviarán por correo electrónico ao enderezo electrónico da Secretaría da FCG (secretariafcgalega@gmail.com) os datos de apertura de reloxos relativos a cada solta realizada, cos programas que a tal efecto entrega a FCG, como máximo ao segundo día de pechase o concurso. Nos casos nos que se realicen dúas soltas no mesmo fin de semana, ao segundo día de pechase o concurso de control mais prolongado.
2. Todo club que non cumpra coas normas anteriores de este articulo, quedará descualificado para a solta de que se trate.



EXPOSICIÓN AUTONÓMICA DA POMBA MENSAXEIRA

Artigo 31º.- Cando se trate da celebración da Exposición Autonómica e para unha mellor valoración dos xuíces sociais de cara á actuación na exposición, será necesario a actuación dos xuíces nas exposicións sociais que cada club organiza para elixir as pombas que presentarán á exposición autonómica, tendo que presentar ante a comisión de xuíces as follas de puntuación das pombas xulgadas.

Aqueles clubs que carezan de xuíces, poderan solicitarlle á comisión de xuíces que lles asigne un xuíz.

CAMPIONATOS DA F.C.G.

Artigo 32º.- Os campionatos da FCG xogaranse nas seguintes modalidades:

a) Campionatos á pomba

1. Campionatos provinciais As-pomba.
2. Campionato galego As-pomba.

Os campionatos provinciais “As Pomba” xogaranse nas seguintes fases, segundo os plans de voos da zona norte e zona sur:

Velocidade

Medio Fondo
Media Distancia
Fondo
Gran Fondo
Maratón

O campionato Galego xogarase na seguinte fase:

- Gran Fondo

b) Campionatos provinciais ao pombal

1. Campionato Provincial de Seguridade en Cortas Distancias
2. Campionato Provincial de Seguridade en Largas Distancias

Artigo 33º.- A efectos de clasificacións terase en conta a seguinte zonificación, segundo a localización do pombal e non a do club onde o columbófilo estea afiliado.



FEDERACION COLOMBOFILA GALEGA

Plaza de León, nº 1-1º D

15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA

Tfno.: 605.115.366

E.Mail: Secretariafcgalega@gmail.com

Webb: www.fcgalega.com



VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES



No caso de que haxa socios que están en clubs nos que os pombais están situados en outra provincia que non é a do club, determinase unha distancia de máis-menos 15 Km. de distancia entre o pombal de ese socio e o pombal de menor distancia do club afectado para poder competir na provincia do club.

- Provincia da Coruña
- Provincia de Lugo
- Provincia de Ourense
- Provincia de Pontevedra

c) A efectos de clasificacións provinciais, os columbófilos das provincias de Lugo e Ourense competirán conxuntamente nun solo grupo.

Artigo 34º.- Á finalización de cada carreira editarase un listado co 100% das pombas que entren en control para cada unha das provincias. Este listado confeccionarase segundo a velocidade acadada por tódalas pombas participantes na carreira (distancia recorrida por cada unha de elas -en metros- dividida entre o tempo -en minutos-, que inverta en realizala) de maior a menor, de tal xeito que a que consiga a velocidade mais alta resultará clasificada en 1º lugar.

Artigo 35º.- Ademais dos resultados por solta, á finalización de cada fase, a F.C.G. publicará as clasificacións das distintas modalidades dos campionatos da F.C.G.

Artigo 36º.- Todos os campionatos da F.C.G. (tanto autonómicos como provinciais) precisarán dunha participación inicial mínima de 10 pombais por provincia e fase, fóra da fase de Gran Fondo que será de 5 pombais por provincia.

Artigo 37º.- Para que un campionato provincial poida iniciarse e ser válido, será necesario (ademais das normas do nº de colombófilos e pombas participantes que establece o regulamento) a participación de polo menos dous clubs da mesma provincia ao comezo do mesmo.

Artigo 38º.- As clasificacións para os distintos concursos e campionatos á pomba da F.C.G. incluírán exclusivamente aquelas pombas que acaden premio no 50% das encestadas agás os concursos de Gran Fondo e de Maratón nos que os premios acadarán o 100%.

Artigo 39º.- As pombas que non se clasifiquen non puntuarán a ningún efecto.

Artigo 40º.- No caso de que non houbera ningunha pomba que se clasifique en todas as soltas de unha fase, o premio quedará deserto.

Artigo 41º.- No caso de suspenderse algunha solta, a clasificación confeccionarase coas que se teñan realizado.



CAMPIONATOS Á POMBA

Artigo 42º.- As clasificacións para os distintos **Campionatos Provinciais “AS-POMBA”** confeccionaranse en base á velocidade media harmónica acadada por cada unha das pombas na fase de que se trate, é dicir, segundo o resultado de dividir a suma das distancias recorridas en todas as soltas entre a suma dos tempos invertidos. Resultará clasificada en 1º lugar a que consiga a velocidade media harmónica mais alta. Este é un campionato aberto a participación de todas as pombas inscritas nas carreiras de Medio Fondo, Media Distancia, Fondo e Gran Fondo.

Artigo 43º.- O Campionato de Velocidade axustarase á seguinte normativa:

- Non computará para o campionato de seguridade curto
- Esta fase non é subvencionable pola Federación
- Non aporta puntos para o mellor club de Galicia
- Non computa para o campionato de maratón.
- teñen que celebrarse un mínimo de dúas soltas para darlle validez a este campionato

Artigo 44º.- O Campionato Galego “AS-POMBA” concorrirá nas dúas soltas de Gran Fondo.

Artigo 45º.- As clasificacións para o Campionato Galego “AS-POMBA” confeccionaranse en base aos puntos conseguidos por cada pomba en cada unha das probas que compoñen este campionato segundo a fórmula utilizada pola RFCE nos campionatos nacionais. Resultará clasificada en 1º lugar a que consiga o maior número de puntos no cómputo xeral deste campionato. Este é un campionato aberto a participación de todas as pombas inscritas nas carreiras.

Artigo 46º.- Para a fase de Velocidade serán válidas as soltas que acorde a Asemblea Xeral anual de esta Federación.

Artigo 47º.- Para a fase de Medio Fondo serán válidas as soltas que acorde a Asemblea Xeral anual de esta Federación.

Artigo 48º.- Para a fase de Medio Distancia serán válidas as soltas que acorde a Asemblea Xeral anual de esta Federación.

Artigo 49º.- Para a fase de Fondo serán válidas as soltas que acorde a Asemblea Xeral anual de esta Federación.



FEDERACION COLOMBOFILA GALEGA

Plaza de León, nº 1-1º D

15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA

Tfno.: 605.115.366

E.Mail: Secretariafcgalega@gmail.com

Webb: www.fcgalega.com



VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES



Artigo 50º.- Para a fase de Gran Fondo serán válidas as soltas que acorde a Asemblea Xeral anual de esta Federación.

Artigo 51º.- Para a fase de Maratón serán válidas as soltas de Medio Fondo, Fondo e Gran Fondo.

Artigo 52º.- Todas as pombas participantes en calquera das soltas de Gran Fondo, deberán ter participado na mesma campaña obrigatoriamente nunha solta dun mínimo de 450 km., ou a última solta de media distancia.

Artigo 53º.- En caso de empate, nos Campionatos Provinciais “As-Pomba” e no Campionato Galego de Gran Fondo, resultará gañadora a pomba que recorrese unha distancia maior.

Artigo 54º.- As pombas recibidas das soltas de Gran Fondo establecidas pola federación, deberán ser comunicadas de maneira telemática a través da ligazón estipulada pola federación nun prazo máximo de 24 horas de recibilas. As pombas que non sexan comunicadas desta maneira quedarán descualificadas para o campionato galego “As de Gran Fondo”.

CAMPIONATOS AO POMBAL

Artigo 55º.- Os Campionatos ao Pombal terán a consideración de “Campionato Provincial de Seguridade” tanto para a zona norte (Coruña-Lugo) como para a zona sur (Pontevedra).

Para confeccionar a clasificación dos distintos Campionatos Provinciais de Seguridade realizaranse listados provinciais en cada unha das soltas programadas, que contabilizarán o tanto por cento de pombas que cada columbófilo reciba no 100% de control respecto das que tivera encestado, de tal xeito que resulte primeiro quen acade unha maior porcentaxe.

- Para competir neste campionato será imprescindible participar e controlar en tódalas carreiras da serie de que se trate.
- En caso de suspenderse algunha das soltas, a clasificación confeccionarase coas que se teñan realizado.
- No caso de empate, resultaría campión provincial o pombal que tivera encestado un maior número de pombas na serie. De persistir o empate, o vencedor sería o que tivese voado unha maior distancia.

Artigo 56º.- Os campionatos Provincias de Seguridade xogaranse nas seguintes series:

1. Seguridade en Cortas Distancias
2. Seguridade en Longas Distancias



FEDERACION COLOMBOFILA GALEGA

Plaza de León, nº 1-1º D

15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA

Tfno.: 605.115.366

E.Mail: Secretariafcgalega@gmail.com

Webb: www.fcgalega.com



VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES



Artigo 57º.- Para a modalidade de Seguridade en Cortas Distancias serán válidas as soltas das fases Medio Fondo e Media Distancia.

Artigo 58º.- Para a modalidade de Seguridade en Longas Distancias serán válidas as soltas das fases de Fondo e Gran Fondo.

Artigo 59º.- Os Campionatos Provinciais de Seguridade precisarán dunha participación inicial mínima de 10 pombais por provincia e fase, fóra da fase de Gran Fondo que será de 5 pombais por provincia, nos que cada columbófilo deberá encestar en todas as soltas que compoñan cada fase o número mínimo de pombas seguintes:

- 10 pombas nas soltas de Velocidade
- 10 pombas nas soltas de Medio Fondo
- 5 pombas nas soltas de Media Distancia
- 5 pombas nas soltas de Fondo.
- 3 pombas nas soltas de Gran Fondo.

MELLOR CLUB PROVINCIAL DE GALICIA

Artigo 60º.- Mellor Club Provincial de Galicia.

Consiste nun trofeo provincial, para elixir o mellor clube provincial de Galicia otorgaranselle 3, 2 e 1 puntos aos 1º, 2º e 3º clasificados respectivamente dos campeonatos provinciais “As pomba”, e 5, 4 e 3 puntos (por este orden) aos 3 primeiros clasificados do campionato de Seguridade e Maratón.

Para validar este trofeo, establécese a obrigatoriedade da participación de polo menos dous clubs de cada provincia para puntuar para este trofeo.

- **Os puntos derivados da Exposición repartiranse do seguinte xeito:**

Por cada grupo ou categoría no que concorran un mínimo de 3 pombas, a primeira clasificada recibirá 3 puntos, a segunda 2 e a terceira 1 punto consecutivamente.

Finalizado o reparto de puntos por grupo ou categoría, farase un cómputo global por clubs tendo en conta os puntos acadados polo total de pombas presentadas polos mesmos.

Aquel club que acade unha maior puntuación na suma recibirá 3 puntos, o segundo 2 e o terceiro 1 punto



FEDERACION COLOMBOFILA GALEGA

Plaza de León, nº 1-1º D

15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA

Tfno.: 605.115.366

E.Mail: Secretariafcgalega@gmail.com

Webb: www.fcgalega.com



VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES



consecutivamente. Estes serán os que computen para o Mellor Club de Galicia.

En caso de empate, terase en conta a puntuación acadada polo total de pombas dos clubs na valoración dos xuíces, quedando por diante aquel que obteña da suma unha puntuación máis elevada.

Acadarase puntuación tódolos grupos das Categorías A, B, C e D.

- Nos casos nos que columbófilos dun club compitan noutra provincia, estes non suman puntos ao seu club.
- Será proclamado mellor club Provincial Galego aquel que, dentro da súa provincia e unha vez sumados os puntos acadados polos seus respectivos columbófilos, reúna o maior número de puntos. En caso de empate, resultará gañador o club que compita contra un maior número de clubs no seu ámbito provincial. Se con esta fórmula prosegue o empate, daríanselle aos clubs unha puntuación de calidade segundo a seguinte orde: gran fondo, fondo, maratón, seguridade longa, medio fondo, seguridade corta, de tal xeito que resultará o ganador do trofeo o club que consiga o premio de maior calidade dentro da súa provincia.

CARGOS AOS CLUBS

Artigo 61º.- Os cargos para realizar aos clubs correspondentes aos gastos ocasionados nas distintas fases realizaranse da seguinte maneira:

Para o cálculo das pombas enviadas tomarase como base o número de pombas comunicadas á comisión deportiva por cada club na primeira solta de cada fase e multiplicarase polo número de soltas realizadas.

Sobre o custo económico de cada fase realizarase un 25% de desconto da subvención ofrecida pola FCG que resultará de sumar o importe da Subvención da Secretaría Xeral para O Deporte e o importe obtido do beneficio polo incremento do prezo das licenzas absolutas.

Este desconto aplicarase á finalización de cada fase

CONCURSOS ESPECIAIS

Artigo 62º.- (Todos os concursos de carácter especial por non pertencer á F.C.G., figuraran como Adenda a este regulamento)



FEDERACION COLOMBOFILA GALEGA

Plaza de León, nº 1-1º D

15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA

Tfno.: 605.115.366

E.Mail: Secretariafcgalega@gmail.com

Webb: www.fcgalega.com



VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES



SOBRE OS PREMIOS

Artigo 63º.- Entregaráselle un trofeo conmemorativo aos propietarios das 3 primeiras pombas clasificadas nos Campionatos Provinciais, e tamén aos 3 primeiros clasificados dos campionatos Provinciais de Seguridade.

En canto ao Campionato Galego de Gran Fondo, o premio consistirá nun trofeo para as tres primeiras pombas e con diploma + medalla as sete seguintes pombas. En total serían 10 pombas premiadas.

Artigo 64º.- Os Concursos Especiais, actuais ou futuros, que figuren como Adendas a este Regulamento Deportivo quedan totalmente fora da responsabilidade de esta F.C.G. por canto, tanto a súa normativa como a obriga adquirida, pertence o ámbito particular das entidades que os patrocinan.

SOBRE AS CLASIFICACIÓNS

Artigo 65º.- As clasificacións dos distintos campeonatos e probas serán publicadas na páxina web da FCG (www.fcgalega.com) onde poderán ser revisadas por cada club para poder facer as comprobacións que estimen oportunas.

Artigo 66º.- Establécese un prazo de reclamación de 15 días desde a súa publicación na web. Transcorrido ese período e unha vez contempladas e resoltas as posibles reclamacións, cerraranse e quedarán propostas como definitivas.

As posibles reclamacións soamente poderán ser presentadas ante a FCG polo presidente do club ou persoa autorizada por éste, e sempre será por escrito via correo electrónico á secretaría desta Federación.

Artigo 67º.- As clasificacións, aínda que verificadas e contrastadas segundo o artigo anterior, quedarán supeditadas ao visto e prace definitivo da Asemblea Xeral anual da Federación.

SOBRE OS CAMPIONATOS DE ESPAÑA

Artigo 68º.- A FCG presenta tres zonas de participación aos Campionatos de España, en función da situación dos distintos pombais, sendo estas coincidentes coas provincias da Coruña, Lugo-Ourense e Pontevedra.



FEDERACION COLOMBOFILA GALEGA

Plaza de León, nº 1-1º D

15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA

Tfno.: 605.115.366

E.Mail: Secretariafcgalega@gmail.com

Webb: www.fcgalega.com



XUNTA
DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES



DEPORTE
GALEGO

Artigo 69º.- Para participar no Campionato de España por Territoriais, a FCG presentará cada ano un equipo de 5 columbófilos que serán os que no ano precedente teñan acadado unha mellor tarxeta de clasificación nos campeonatos nacionais.

DISPOSICIÓNS FINAIS

Artigo 70º.- Este Regulamento Deportivo poderá ser modificado pola Asemblea Xeral da FCG ou segundo o establecido nos Estatutos Federativos.

Artigo 71º.- Nos casos non contemplados neste Regulamento, serán de aplicación as normas recollidas no Regulamento da R.F.C.E.

---ooOoo---

